

VIERNES, 16 de marzo de 2007

CRÍTICA:PRIMAVERA DE LIBROS | LUCES

Unha xanela no mundo

Os libros infantís e xuvenís lanzan mensaxes contra a discriminación

MONTSE PENA PRESAS | 16 MAR 2007

Archivado en: [Literatura juvenil](#) [Literatura infantil](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Este inverno de 2007 seguramente quedará gravado nas historias de literatura galega que se ocupen das letras para a infancia e a mocidade, como a época en que unha institución internacional, o Banco do Libro de Venezuela, recoñeceu n?O armiño dorme de Neira Cruz, unha das dez mellores obras do mundo para o público xuvenil.

Con este prometedor final do frío, que adianta a chegada dunha primavera intensa que hai tempo que se viña vir, a literatura infantil e xuvenil segue agromando. Marzo trae nas súas pólas libros moi variados, diferentes opcións para todos os gustos entre as que escollemos catro. Para o lectorado máis novo, OQO agasállanos con *Tres irmás ladroas* de Txabi Arnal e *Sígueme* de José Campanari. Dúas historias que parten do popular e que se cinguen pola arela dos protagonistas por atopar un camiño de seu, que non lles sexa marcado por ninguén. Estes textos emanan coeducación a partir de certas sutilezas que superan a xa típica inversión de roles de xénero, tan empregada nos anos 70 nas literaturas normalizadas e non habitual entre nós ata ben entrados os 80.

Nesta mesma liña, seguimos o eco de dúas clásicas de noso destinado a un lectorado máis experimentado. A escrita de Marilar Aleixandre é recuperada nas páxinas d?A *expedición do Pacífico*, a crónica da arrichada Emilia, polisón nunha aventura que a fará somerxerse nas ideas creacionistas e feministas do último XIX. Xa unha institución nas letras xuvenís, é esta unha das novelas que capitaneou a eclosión da protagonista *nená* ao dotala dunha profundidade e dunha decisión habitualmente reservadas para o outro sexo.

Herdeira desta xinea é *A lagoa das nenas mudas* de Fina Casalderrey, o relato dunha amizade por enriba das palabras e das culturas, unha oportunidade para visitar África a través dos ollos de Amina. A demostración de que a literatura infantil e xuvenil en galego segue apostando pola non discriminación, confirmando así que é unha xanela no mundo á que cada día se asoman máis ollos dende fóra, curiosos.